

Editorial

A O número 46 de *Tempo Exterior* aborda temas fundamentais relacionados coa paz, os dereitos humanos e a protección en contextos de conflito. Os artigos seleccionados ofrecen análises teóricas e estudos de caso que contribúen ao coñecemento e a reflexión crítica sobre estes temas.

Comezando pola importancia da educación para a paz e como esta pode transformar a sociedade cara a unha máis xusta e pacífica. Dando paso a un pertinente análise sobre as vulnerabilidades das mulleres en tempos de guerra e a necesidade de promover a súa protección e equidade de xénero. Reflexiónase sobre a descomposición do tecido social e as consecuencias da falta de atención aos dereitos humanos, o cal xera violencia e enfrontamento cara ás autoridades. Expondo a importancia de abordar as raíces da violencia e fortalecer os mecanismos de protección.

En canto á prevención de crises humanitarias, analízase un índice desenvolvido pola Comisión Europea para identificar riscos potenciais de países en crises, expondo interrogantes sobre a súa efectividade. Tamén se examina o impacto dun cambio legislativo en Dinamarca que limita os permisos de residencia para solicitantes de asilo e refuxiados, destacando a importancia de garantir a seguridade e benestar das persoas desprazadas.

O papel do traballo social na protección internacional de solicitantes de asilo e refuxiados, mostra a importancia de abordar as necesidades dos refuxiados e promover a súa integración social. Doutra banda, analízase o rol das Nacións Unidas na protección e axuda humanitaria, sinalando desafíos pendentes como as crises prolongadas e a violencia de xénero.

Desde o outro lado do Atlántico, examínase o desprazamento forzado da etnia Warao e as disposicións legais brasileiras para recibir aos refuxiados indíxenas venezolanos. Destácase a importancia de abordar as necesidades específicas deste grupo e promover políticas migratorias inclusivas.

Finalmente, ofrécese un estudo comparado sobre a forma en que as institucións educativas europeas responderon á pandemia de Covid-19 no ámbito da educación física. Saliéntase a importancia de adaptarse e innovar en tempos de crises.

En resumo, estes artigos brindannos unha visión crítica da realidade actual en relación coa paz, os dereitos humanos e a protección en contextos de conflito. Convidannos a reflexionar sobre os desafíos que enfrontamos como sociedade e a promover accións que contribúan a construír un mundo máis pacífico, xusto e seguro.

Mónica López Viso e João Casqueira Cardoso